



**Concello de Cabana de Bergantiños**  
A Carballa, s/n. Cesullas  
15.115 Cabana de Bergantiños (A Coruña)  
Tel. 981 754 020 · FAX. 981 754 229  
www.concello-cabana.es  
cabana@concello-cabana.es

### **Bases ‘Cabana de Bergantiños,’ O NOSO ENTROIDO’**

**PRIMEIRA.-** Co obxecto de promover unha das festas tradicionais máis celebrada no noso Concello e recuperar unha das prácticas máis populares destas datas, o Concello de Cabana de Bergantiños convoca unha nova edición do Concurso de disfraces, nesta época da Covid 19 Os concursos son os seguintes:

#### **CONCURSOS DE DISFRACES**

- **CONCURSO DE DISFRACES INDIVIDUAL “XOGANDO A SER OUTR@S”**
- **CONCURSO DE COMPARSAS DE CONVIVINTES “XOGANDO A SER OUTR@S”**

#### **CONCURSO “CREA UN MECO”**

**SEGUNDA.-** Os premios previstos nas presentes bases outorgaríanse mediante o procedemento de concurrencia competitiva, no que calquera persoa pertencente ao Concello de Cabana de Bergantiños, que o desexe poderá participar.

**TERCEIRA.-** En canto as condicións de participación:

1. Poderán participar todos aqueles veciños e veciñas de calquera idade que así o desexen de xeito individual sen haber límite de idade.
2. Cada participante deberá cubrir o Anexo I. En caso de menores de idade, é imprescindible dar o consentimento ao uso dos datos do menor e a exhibición das imaxes do mesmo para publicacións relacionadas co concurso.
3. Os vídeos, poderanse enviar por correo electrónico a cultura.concello@gmail.com indicando no asunto “Concurso de disfraces individuais”, “Concurso de comparsas de convivintes” ou “Concurso “Crea un Meco” e o nome da peza participante ou a través de whatsapp ao tlf (609212230) indicando igualmente os datos e aportando os anexos que correspondan cubertos
4. Os vídeos terán unha duración de tres minutos máximo, en cada concurso.
5. As persoas participantes ou que aparezan nos vídeos ceden a súa imaxe para publicacións relacionadas co concurso.

Categorías:

Infantil (ata 11 anos)



**Concello de Cabana de Bergantiños**  
A Carballa, s/n. Cesullas  
15.115 Cabana de Bergantiños (A Coruña)  
Tel. 981 754 020 · FAX. 981 754 229  
www.concello-cabana.es  
cabana@concello-cabana.es

Xuvenil (de 12 a 30 anos)

Adultos (de 30 anos en diante)

Convivintes

6. No caso do Concurso Crea un Meco o participante deberá aparecer no vídeo ou foto co seu Meco creado.

**CUARTA.-** O prazo de presentación de vídeos será dende o día seguinte á publicación das presentes bases na web do concello ata o día 17 de febreiro en calquera das formas sinaladas na bases anterior. As resolucións sucesivas publicaranse na Web municipal e nas redes sociais.

A data límite de recepción dos vídeos é o 17 de febreiro de 2021

**QUINTA.** - O período de exhibición dos vídeos do Entroido participantes será dende o día 18 de febreiro de 2021 ata as 10:00 horas do día 5 de marzo de 2021, período no cal serán publicados na páxina oficial do Facebook do Concello de Cabana aqueles que o xurado estime oportuno. A resolución do xurado será o 19 de febreiro de 2021.

Este concurso será divulgado a través da web do Concello de Cabana de Bergantiños (cabana.gal), nos espazos oficiais en Facebook do concello e enviarase nota aos medios de comunicación.

**SEXTA.-** establécense tres premios para o “Concurso de disfraces individual”, un premio para o “Concurso de comparsas de convivintes” e un premio para o concurso” Crea un Meco” que outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria do departamento de cultura.

Os premios aprobaranse por Alcaldía á vista da decisión do Xurado, que elaborará unha acta na que conste a resolución de vídeos premiados que se farán públicos ao remate do concurso.

O técnico municipal instructor do procedemento, elaborará un informe partindo desta acta para proceder a entrega dos premios, que se e aboarán mediante a entrega dunha Tablet correspondentes a segundo participaran nun ou noutro concurso ós gañadores ou gañadoras.

**SÉTIMA.** -Os membro do xurado serán os seguintes:

O Alcalde ou concelleiro que o sustitúa

Os membros do departamento de cultura.

Os membros do departamento de servizos sociais.

**OITAVA.-** Os criterios de valoración serán os seguintes:

**Concurso de disfraces individuais.**



**Concello de Cabana de Bergantiños**

A Carballa, s/n. Cesullas  
15.115 Cabana de Bergantiños (A Coruña)  
Tel. 981 754 020 · FAX. 981 754 229  
www.concello-cabana.es  
cabana@concello-cabana.es

- Premio ao mellor disfraz infantil.- Premio que se concederá ao vídeo que conte cunha mellor posta en escena, máis entroidero, máis orixinal, etc para participantes cunha idade de ata 11 anos.
- Premio ao mellor disfraz xuvenil - Premio que se concederá ao vídeo que conte cunha mellor posta en escena, máis entroidero, máis orixinal, etc para participantes cunha idade de 12 anos a 30 anos.
- Premio ao mellor disfraz de maiores .-Premio que se concederá ao vídeo que conte cunha mellor posta en escena, máis entroidero, máis orixinal, etc para participantes cunha idade de máis de 30 anos.

O xurado terá en conta a orixinalidade dos disfraces, a vistosidade, simpatía e posta en escena, debendo ter unha temática común en base a unha representación ou unha actuación musical.

### **Concurso de Comparsas de convivintes**

- Premio dunha Tablet á mellor comparsa de convivintes.-  
O xurado terá en conta a orixinalidade dos disfraces, a vistosidade, simpatía e posta en escena, debendo ter unha temática común en base a unha representación ou unha actuación musical.

### **Concurso “Crea un Meco”**

- Premio dunha Tablet ao mellor Meco.
- Fai un boneco, meco, espantallo.... e colocáo na túa casa, horta, leira, xardín, recuncho ou espazo baleiro que teñas.
- O xurado terá en conta a orixinalidade do Espantallo ou Meco,a vistosidade, creatividade e imaxinación.
- O Meco deberá ser unha representación alegórica ás labores do campo, do mar ,o espertar da natureza, ou expulsar a invernía e os malos augurios.
- O Meco deberá sosterse nun soporte.
- O xurado terá en conta que se realice con materiais reciclados que respeten o medio ambiente e sexan respetuosos con él.(non se poderán utilizar plásticos)
- O meco terá que ser orixinal.
- O premio otorgarase á peza que a xuízo do xurado sexa a máis representativa da temática.



**Concello de Cabana de Bergantiños**

*A Carballa, s/n. Cesullas*

*15.115 Cabana de Bergantiños (A Coruña)*

*Tel. 981 754 020 · FAX. 981 754 229*

*www.concello-cabana.es*

*cabana@concello-cabana.es*

**NOVENA-** Dos premios:

**Concurso de disfraces Individual**

- Premio mellor disfraz infantil, unha Tablet
- Premio mellor disfraz xuvenil, unha Tablet
- Premio mellor disfraz de adultos unha Tablet

**Concurso “ Comparsa de Convivintes”**

- Premio mellor comparsa, unha Tablet.

**Concurso “Crea un Meco”**

- Premio dunha Tablet

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que os participantes non reúnen a calidade precisa.

**DÉCIMA.** Os autores dos vídeos e das imaxes son propietarios dos dereitos de autor. O concello de Cabana de Bergantiños poderá utilizar os vídeos dos disfraces e comparsas gañadoras unicamente para a promoción do Entroido de Cabana de Bergantiños e publicalas nas distintas redes sociais do concello.



**Concello de Cabana de Bergantiños**  
A Carballa, s/n. Cesullas  
15.115 Cabana de Bergantiños (A Coruña)  
Tel. 981 754 020 · FAX. 981 754 229  
www.concello-cabana.es  
cabana@concello-cabana.es

## ANEXO I.

**CONCURSO:** .....

### FICHA DE INSCRICIÓN

#### 1. Datos do participante:

Nome e apelidos.....

DNI.....,

Idade.....

Domicilio.....

#### 2. Datos do Representante: (pai/nai/titor legal): de ser o caso: IMPRESCINDIBLE EN CASO DE MENORES DE IDADE.

Nome e apelidos.....

DNI.....,

Teléfono.....

Domicilio.....

De conformidade coa normativa acerca da patria potestade dos menores de idade, mediante a presente, **AUTORIZO** a/o miña/meu filla/fillo a participar no concurso “ Cabana de Bergantiños, O NOSO ENTROIDO “ e ao uso dos seus datos e imaxe.

#### 3. Declaración responsable:

Polo presente escrito, o participante arriba indicado/ ou o representante indicado no apartado segundo, DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE QUE:

Que autoriza ao uso dos datos do beneficiario e do representante legal para calquera información que deba ser rendida, en cumprimento de disposicións legais de calquera tipo.

Cabana de Bergantiños , ..... de febreiro de 2021

O representante

Asdo.